



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Expediente núm.: 143/2026

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Asunto do Expediente: Selección de director para o Obradoiro dual de emprego Vía König VII

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Vista a resolución da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ao abeiro da Orde do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento TR353A).

Segundo.- Vista a necesidade deste Concello de contratar a un director do obradoiro dual de emprego Vía König VII, con carácter temporal, e réxime de dereito laboral e a xornada completa.

Terceiro.- Á vista das bases reguladoras das probas selectivas para a provisión de un director/a do Obradoiro dual de emprego Vía König VII.

Cuarto.- Á vista das actas do tribunal, obrantes no expediente referenciado *ut supra* e que foron publicadas no taboleiro electrónico e físico do Concello, sen que se presentara alegación algunha e onde se propón a contratación do seguinte aspirante:

Apelidos e nome

POSE FUENTES, MIGUEL ÁNGEL

Vista a proposta de resolución PR/2026/103 de 26 de maio de 2026 fiscalizada favorablemente con data de 26 de maio de 2026.

RESOLUCIÓN

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e o artigo 33 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, **RESOLVO:**





Primeiro.- Contratar como persoal laboral temporal para o posto de director do obradoiro dual de emprego Vía König VII, a por un período de 9 meses, no Concello de As Nogais e nos termos indicados nas bases de selección a don Miguel Ángel Pose Fuentes.

Segundo.- Proceder á formalización do contrato de traballo e alta na seguridade social iniciando a prestación o día 29/05/2026, e finalizando o 28/02/2027.

Terceiro.- Comprometer o gasto por importe de 24.263,63 euros con cargo á aplicación orzamentaria 241.13100 e 12.242,23 euros con cargo á 241.16000 e dar traslado á Intervención municipal a efectos de fiscalizar a presente proposta, así como a Tesourería a efectos de realizar os asentos contables correspondentes.

Cuarto.- Publicar a presente resolución, que pon fin a vía administrativa. Contra a presente mesma pode interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte á súa publicación, ante o órgano que o ditou, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante a Sección do contencioso-administrativo do Tribunal de Instancia, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio. Todo elo sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

Quinto.- Dar traslado da presente resolución ao Libro de Decretos da Corporación, así coma dar conta do contido da mesma ao Pleno da Corporación na seguinte sesión ordinaria que se celebre, todo elo de conformidade co artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En As Nogais, na data da sinatura indicada á marxe. O Alcalde-Presidente, Jesús Manuel Núñez Díaz

Asina o órgano de Secretaría conforme ao proceso automatizado aprobado no expediente 86/2022 mediante o decreto da alcaldía número 2022-0086, coa finalidade da súa transcripción ao Libro de Resolucións, aos efectos de garantir a súa integridade e autenticidade.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de As Nogais

C/ Rosalía de Castro, s/n, As Nogais. 27677 (Lugo). Tfno. 982364092. Fax: 982364150

DECRETO
Número: 2026-0152
Data: 26/05/2026

Cod. Validación: 53R7S7A3MFKTFXKVMWSPZ97F9Q
Corrección: <https://concelloasnogais.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

